

O ALFABETO DO LATÍN CLÁSICO. FONÉTICA

Maiúsculas	A	B	C	D	E	F	G	H	I	K	L	M	N	O	P	Q	R	S	T	V	X	Y	Z
Minúscula	a	b	c	d	e	f	g	h	i	k	l	m	n	o	p	q	r	s	t	u	x	y	z

Pronunciacións e consideracións especiais

c: [k] *circum* (kirkum)

g: [g] *gelidum* (guélidum)

h: (muda) *habitat* (hábitat)

ll: as consoantes sepáranse quedando cada unha nunha sílaba *Gallaecia* (Gal-lae-ki-a)

q: sempre con u, que se pronuncia sempre, *quoque* (kuokue)

ph: [f], sempre en palabras de orixe grega, *physica* (física)

s: s seguido de consoante agrúpase coa sílaba seguinte (s líquido):

spes (monosílabo), *ne-sci-o*, *con-struc-ti-o*, *scae-na*

V, u: sempre se pronuncia [u]. Entre vogais, inicial de palabra seguida de vogal e outros contextos acabou consoantizándose e soando como [b]. Moitas edicións diferencian en minúscula u/v: *fluvius/fluvius*, *servus/servus*, *venire/uenire*. (Neste casos pode lerse como [b])

x: sempre [ks], *exercitum* (eksérkitum)

y, z: só aparecen en palabras de orixe grega, ao igual que a grafía dobre ph: *Zephyrus* (dséfirus, vento suave do Oeste)

Vogais

Hai cinco vogais breves: *ă, ě, ĭ, ŏ, ŭ* e cinco vogais longas: *ā, ē, ī, ō, ū*

Diptongos

- **au:** *pau-cum*, *mau-rum*

- **ae:** *cae-lum*, *sae-pe*

- **oe:** *foe-dum*, *moe-ni-a*

- **ui:** *qui-dem*, *Quin-tus*, *pin-guis* (tras q+ui, ou g+ui)

***eu:** (só nas palabras de orixe grega) **eu-an-ge-li-um*, **Eu-boe-a*, en cambio *au-re-us*

- En latín a secuencia vocal pechada + vocal aberta non forma ditongo, senón hiato:

Ex. *fa-mi-li-a*, *a-ni-ma-li-a*, *qu-an-tus*, *qu-a-lis*, *pu-el-la*

- *i e o u/v* en inicial de palabra e seguidos dunha vocal, ou en posición intervocálica, compórtanse como se fosen consoantes e forman sílaba propia:

Iu-no, *Iu-sti-ti-a*, *va-ca-ti-o*, *vo-lun-tas*, *iu-ve-nis*, *cu-ius*, *hu-ius*

Acentuación latina

En latín non existe acento gráfico. O acento vén marcado pola cantidade da penúltima sílaba:

- en latín non hai palabras agudas nin sobresdrúxulas.
- si a penúltima sílaba é longa a palabra é grave: *Romāna*, *in-cau-tus*, *in-vic-tus*
- si a penúltima sílaba é breve a palabra é esdrúxula: *e-xī-tus*, *ca-vĕ-a*, *fa-mi-lĭ-a*

As sílabas poden ser longas ou breves por natureza ou posición:

- Sílabas longas: as que teñen unha vocal longa ou ditongo: *clo-ā-ca*, *vīc-tor*, *au-rum*
- Sílabas breves: as que teñen unha vocal breve: *ma-xī-mus*, *fa-mi-lĭ-a*

Regras xerais para determinar a cantidade das vocais pola súa posición:

- os ditongos son sempre longo: *in-cau-tus*
- vocal seguida de dous ou máis consonantes é longa: *vic-tor*, *con-dū-xi* (x=ks)
- vocal seguida doutra vocal é breve: *fa-mi-lĭ-a*